



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

E/F/E.

N.º	Rf.º 5-11-2
-----------	-------------

Asistentes:
Presidente: Excmo. Sr. Don Joaquín Borrell
Mestre. Gobernador Civil.

Vicepresidente: Il. tmo. Sr. Don Manuel Lan-
deiro Piñeiro.

Vocales:
Don José Vázquez Alvarez.
Don José Casal Pereira.
Don Ricardo García Borregón.
Don Pedro Rial López.

Secretario:
Don Manuel Ezquieta Fernández.

---oOo---

En la Ciudad de

Pontevedra, siendo las die-

cisiete treinta horas del

día veinticinco de noviem-

bre de mil novecientos -

ochenta y uno, con asistencia de los señores que al margen se expresan,

se reunió el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, con

objeto de estudiar la clasificación del monte que se indica, sito en el

término municipal de M O S , y

.../...



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES

E/F/E. VECINALES EN MANO COMUN

Excmo. Sr.:

N.º _____	Rf.º 5-11-2
-----------	-------------

RESULTANDO: Que por la Administración Forestal han sido realizados expedientes de investigación de 6 montes radicados en el Ayuntamiento de Mos entre los que figura el que se describe de la forma siguiente:

Nombre del monte: MONTES DE CELA.

Cabida: 281 Has.

Límites:

Norte: Término y montes de Pereira.

Este: Término municipal de Porriño.

Sur: Idem.

Oeste: Término municipal de Vigo.

RESULTANDO: Que por el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común en sesión celebrada el día 15 octubre de 1980 se acordó iniciar los trámites para la clasificación de montes radicados en el Ayuntamiento de Mos.

RESULTANDO: Que por providencia del Instructor se ha solicitado del Sr. Registrador de la Propiedad de Redondela la anotación preventiva del monte a que se refiere la presente propuesta.

RESULTANDO: Que la iniciación del expediente se comunicó al Ayuntamiento y a la Cámara Agraria Local de Mos, así como a todos los vecinos interesados en el monte, y que se publicó a éstos efectos en el Boletín Oficial de la Provincia núm. 246 de fecha 22.10.1980 concediéndose un plazo de 60 días para formular alegaciones.

RESULTANDO: Que el Ayuntamiento de Mos se persona en el expediente mediante copia de certificación adoptada por el Pleno el día 30 de diciembre de 1980 en la que se manifiestan en el sentido de personarse en el expediente para la defensa de una parcela en el monte Gándara de Abajo por ubicarse en ella el Cementerio Municipal.

RESULTANDO: Que la Cámara Agraria Local de Mos no se ha personado en el expediente.

RESULTANDO: Que las comunidades vecinales se han personado en los expedientes con arreglo al siguiente detalle:

- a) La de Louredo dice que hay nombrada una Junta que preside Don Julio Rodríguez para reclamar los montes.
- b) La de Mos tiene un escrito interesando la información previa para que se clasifiquen los montes.
- c) Los de Pereiras interesan la clasificación de sus montes.

RESULTANDO: Que en la relación de montes exceptuados de la desamortización del año 1847 figuran los montes de Mos por ser montes del común.

RESULTANDO: Que dos parcelas de los montes de Cela fueron excluidas del Catálogo por sentencia judicial repartiéndose entre los vecinos y que la parcela de Guizán está ocupada y cedida para la construcción del aeropuerto de Peinador y que una de las parcelas de la parroquia está en su totalidad ocupada, repartida o enajenada.



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA

JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º _____

Rf.º 5-11-2

V I S T O S: La Ley de Montes Vecinales en Mano Común de 11 de noviembre de 1980 y el Reglamento aprobado por Decreto 569/1970 de 26 de febrero; la Ley de Procedimiento Administrativo y disposiciones concordantes.

CONSIDERANDO: Que el artículo 1 de la Ley de 11 de noviembre de 1980 de Montes Vecinales en Mano Común incluye como tales a aquellos montes que con independencia de su origen vengán aprovechándose consuetudinariamente en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que el artículo 3º del Reglamento de 26 de febrero de 1970 establece que no será obstáculo para su clasificación como vecinales en mano común el que esos montes estén incluidos en Catálogos, Inventarios o Registros con asignación de diferente titularidad.

CONSIDERANDO: A mayor abundamiento, que tales inscripciones e inclusiones a favor de los Ayuntamientos fueron debidas en gran parte a la necesidad de que tales montes fuesen inscritos en los correspondientes registros y la única Entidad con personalidad jurídica era el propio Ayuntamiento, por lo que las inscripciones fueron efectuadas a su nombre, como única Entidad que ostentaba la representación de los vecinos.

CONSIDERANDO: Que el supuesto presente incide plenamente en el ámbito de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común cuya finalidad esencial, como determina su preámbulo, es la de legalizar la situación en la que se encuentran los montes de distintos núcleos vecinales no constituidos como Entidades Municipales cuyo aprovechamiento corresponde a determinadas personas ligadas o no por vínculos administrativos de vecindad existentes en varias provincias, que vienen transcurriendo por vías de anormalidad, carentes de una regulación precisa, regulación que ahora está constituida por la Ley de Montes Vecinales que al otorgar a tales núcleos la personalidad jurídica permite compatibilizar su aprovechamiento con las facultades reconocidas a la Administración, tanto en lo que concierne a la vinculación de tales montes con los Ayuntamientos como a las atribuciones que a la Administración Forestal del Estado le corresponden, encaminadas a garantizar su adecuada explotación.

CONSIDERANDO: Que las parcelas enajenadas por el Ayuntamiento no pueden ser objeto de clasificación, puesto que a partir de su enajenación no vienen aprovechándose en régimen de comunidad.

CONSIDERANDO: Que se debe excluir de la clasificación las parcelas repartidas en virtud de sentencia y la destinada a Cementerio Municipal.

CONSIDERANDO: En definitiva, que la clasificación del monte y en consecuencia el reconocimiento de la titularidad del mismo al grupo comunitario formado por los vecinos, con sujeción al régimen jurídico que establecen los artículos 2 y 38 del Reglamento de 26 de febrero de 1970, redundaría en un aprovechamiento más racional del mismo y en una más adecuada regularización de su situación jurídica.



GOBIERNO CIVIL
DE
PONTEVEDRA
JURADO PROVINCIAL DE MONTES
VECINALES EN MANO COMUN

N.º

Rf.º 5-11-2

CONSIDERANDO: Que el monte debe quedar descrito con arreglo al siguiente detalle:

Nombre del monte: MONTE HERBILLE.
Cabida: 121 Has.
Límites:
Norte: Fincas particulares.
Este: Término municipal de Porriño.
Sur: Idem.
Oeste: Término municipal de Vigo.

En su virtud, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Ma
no Común, acuerda

QUE DEBE CLASIFICAR Y CLASIFICA COMO MONTE VECINAL EN MANO
COMUN EL MONTE DENOMINADO MONTES DE CELA - Monte Herville

TAL Y COMO SE DESCRIBE EN EL ULTIMO CONSIDERANDO DE ESTA RESOLUCION,
COMO DE PROPIEDAD DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE CELA

DEL TERIMIO MUNICIPAL
DE MOS, POR REUNIR
LOS REQUISITOS EXIGIDOS POR EL ARTICULO PRIMERO DE LA LEY Y SEGUNDO
DEL REGLAMENTO DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN.

La presente RESOLUCION podrá ser impugnada ante la Jurisdic
ción ordinaria si procede, o en vía contencioso-administrativa ante la
Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña en el
plazo de dos meses, previo el de reposición ante este Jurado en el
plazo de un mes a contar desde la notificación de la presente RESOLU
CION.

Y para que conste, surta efectos y en cumplimiento de lo
dispuesto en el párrafo segundo del artículo veinticuatro del Regla
mento de Montes Vecinales en Mano Común, se firma la presente RESO
LUCION por los miembros del Jurado que asistieron a la sesión.

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
PO	33	1	1

CLAVE DEL MONTE

3.- ESTADO FISICO

Ref.º Indice	
3.1	<p>SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.</p> <p>Estos montes de la parroquia de CELA están formados por varias parcelas, separadas entre sí por fincas particulares; las principales son:</p> <ul style="list-style-type: none"> - "CASTRO" en el extremo S. del término parroquial, llegando a los límites con los términos municipales de Porriño y Vigo. - "HERBILLE" al O. del lugar del mismo nombre. - "SAN COSME" al S. de la ermita del mismo nombre, entre términos municipales de Porriño por el E. y Vigo por el O. - "SAN COLMADO" en la esquina NO. del término parroquial, llegando a los límites con término municipal de Vigo por el O. y de la parroquia de Pereiras por el N. <p>El terreno es poco accidentado, con pendientes relativamente suaves, y altitudes comprendidas entre los 300 y 578 m.</p> <p>Tiene acceso por la red de caminos vecinales de la parroquia, enlazados con la carretera de Orense - Vigo.</p>
3.2	<p>SUPERFICIE.</p> <p>En conjunto, 281 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.</p>
3.3	<p>LINDEROS.</p> <p>Los del término parroquial son:</p> <p>N.º - Términos y montes de la parroquia de Pereiras.</p>

Distrito	Municipio	Cantidad Prop.	N.º monte
PG	33	1	1

Monte No. 1

CLAVE DEL MONTE

3.3

E. y S. - Término municipal de Porriño.
O. - Término municipal de Vigo.

3.4

DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

Los únicos límites destacables en el perímetro de estos montes de la parroquia de CELA son:

- Por el E. el monte "San Colmado" divide con el de parroquia de Pereiras desde Coto de Cela hacia el N. según una vaguada a las fincas particulares.
- Por el E. y S. siguen la mojonera con término municipal de Porriño.
- Por el O. siguen el límite con término municipal de Vigo por Ermita de San Cosme y San Damián llegando a Coto de Cela.

3.5

OBSERVACION SOBRE EL LÍMITE CON FINCAS PARTICULARES

El límite de estos montes de la parroquia de CELA con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de éstas ocupan antiguos terrenos del monte comunal; en consecuencia, se ha llegado con los límites del monte hasta donde hay seguridad o duda razonable de que puede pertenecer al mismo.

En el caso de que estos montes fueran calificados como vecinales en mano común, tal vez resulte necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los mismos criterios que en la calificación.



Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar o día 10 de xullo de 2017, respecto a revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal Herville, da CMVMC de Cela (Mos)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro. Con data do 25/11/1981, o Xurado de montes veciñais en man común (en diante MVMC) de Pontevedra emite resolución de clasificación do monte “Herville” na parroquia de Cela, a favor dos veciños da dita parroquia:

“Que debe clasificar y clasifica como monte vecinal en mano común el monte denominado Montes de Cela-Monte Herville, tal y como se describe en el último considerando de esta resolución, como de propiedad de los vecinos de la parroquia de Cela del término municipal de Mos, por reunir los requisitos exigidos por el artículo primero de la Ley y segundo del Reglamento de montes vecinales en mano común”.

O último considerando da resolución de clasificación establece:

“Nombre del monte: Monte Herbille

Cabida: 121 has

Límites:Norte: Fincas particulares

Este: Término municipal de Porriño

Sur: Idem

Oeste: Término municipal de Vigo

Segundo a información que consta no Rexistro de montes veciñais en man común (en diante MVMC) de Pontevedra, a resolución de clasificación adquiriu firmeza ao non ser recorrida en vía administrativa.

Segundo. O estudo previo de clasificación do monte “Herville” establece no seu punto 3.5:

“El límite de este monte de la parroquia de Cela con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta que algunas de estas ocupan antiguos terrenos del monte comunal; en consecuencia, se ha llegado con los límites del monte hasta donde hay seguridad o duda razonable de que puede pertenecer al mismo.

En caso de que este monte sea clasificado como monte vecinal en man común, tal vez sea necesario un deslinde parcial en tal colindancia con particulares, siguiendo los mismos criterios que en la clasificación”.

Neste estudo previo consta o esbozo do monte “Herville” a escala 1:25.000 que finalmente foi clasificado a favor dos veciños da parroquia de Cela.



Terceiro. Segundo os datos do Rexistro de MVMC de Pontevedra, na actualidade o monte “Herville” non se atopa deslindado, polo que a cartografía orientativa para a descrición do dito monte é o esbozo que existe no estudo previo de clasificación. Non constan resolucións xudiciais, nin actos de disposición nin posúe proxecto de ordenación inscrito no Rexistro de montes ordenados de Galicia.

Cuarto. Con data do 27/03/2013, a CMVMC de Cela solicita a revisión da superficie clasificada, con modificación do linde e da superficie en base o plano presentado co presente escrito.

Quinto. Con data do 07/02/2014 a Sección de Topografía informa:

A CMVMC de Herville xa amolloou o que eles consideran o seu monte veciñal incumprindo o punto 4 da disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Despois realizaron un levantamento topográfico e o montaron sobre unha ortofoto e unha cartografía vectorial.

Estes traballos cartográficos pódense considerar como correctos dentro da calidade exixible nesta disposición, ase como da interpretación da mesma lei achegada polo Secretario Xeral Técnico de data 25/03/2013.

Esta comunidade ten clasificadas 121 ha, e nesta revisión que solicitan presentan 89,27 ha.

Xa no punto 3.5 do estudo previo a clasificación como veciñal recomendaba un deslinde coas propiedades particulares.

Achegase con este informe a montaxe do levantamento proposto sobre o esbozo do estudo previo mais a superposición cos datos catastrais.

Sexto. Con data do 19/02/2014, o presidente do Xurado de MVMC de Pontevedra solicita ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Cela (Mos) coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na Disposición transitoria décimo terceira da LMG, e segundo o acordado na sesión de data 18/02/2014.

CONSIDERACIÓNS XURDICAS:

Primeira.- A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal ten establecido que a Disposición transitoria décimo terceira se aplique de xeito preferente cando o monte veciñal sexa





colindante con propiedades particulares. A súa vez, cando exista colindancia entre montes veciñais en man común aplicarase o establecido no artigo 53 da LMG.

Segunda.- A LMG, recolle no punto 10 do artigo 8:

Couto Redondo: superficie forestal continua, entendendo que a dita continuidade non se verá interrompida por límites naturais (ríos, lagos, encoros, etc), artificiais (vías de comunicación) nin administrativos (concellos, provincias etc).

Terceira.- O artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989 (DOG núm.186, do 23 de setembro) establece:

“A resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común deberá conter os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto na Lei hipotecaria e no seu regulamento, e virá acompañado de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. A citada resolución unha vez firme, producirá os seguintes efectos:

-Atribuír propiedade

-Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade

-Estará exento dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e será gratuito.....”.

Cuarto. A Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria de 1946 (BOE núm. 151, do 25 de xuño) prevé a coordinación gráfica das inscricións do Rexistro da Propiedade co Catastro:

“1. La base de representación gráfica de las fincas registrales será la cartografía catastral, que estará a disposición de los Registradores de la Propiedad.

2. En los casos de incorporación de la representación gráfica georreferenciada conforme a lo dispuesto en la letra b) del artículo 9, deberá aportarse, junto al título inscribible, certificación catastral descriptiva y gráfica de la finca, salvo que se trate de uno de los supuestos regulados en el apartado 3 de este artículo.

El Registrador incorporará al folio real la representación gráfica catastral aportada siempre que se corresponda con la descripción literaria de la finca en la forma establecida en la letra b) del artículo anterior, haciendo constar expresamente en el asiento que en la fecha correspondiente la finca ha quedado coordinada gráficamente con el Catastro. Asimismo, el Registrador trasladará al Catastro el código registral de las fincas que hayan sido coordinadas.

En el supuesto de que la correspondencia no haya quedado acreditada, el Registrador dará traslado de esta circunstancia al Catastro por medios telemáticos, motivando a través de un



informe las causas que hayan impedido la coordinación, a efectos de que, en su caso, el Catastro incoe el procedimiento oportuno”.

Por todo o exposto o Servizo de Montes no informe de data 12/06/2017 indica que :

1º- A revisión do esbozo do monte “Herville” realizarase de todo o monte, aínda que no límite con outras comunidades de montes veciñais será necesario que deslinde, segundo o establecido no artigo 53 da LMG.

- Límite oeste co a comunidade de Zamáns
- Parte de límite Sur, no límite coa comunidade de Mosende.

2º- A revisión do esbozo do monte “Herville” proposta polo Servizo de Montes modifica a presentada pola comunidade, para cumprir os requisitos establecidos no artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989 e da Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria de 1946.

A liña proposta por este servizo respecta as parcelas catastrais de titulares particulares e inclúe só parcelas catastrais a nome da comunidade ou “En Investigación”.

A liña proposta inclúe integramente as parcelas catastrais:

- Do polígono 76 as parcelas: 36, 37, 56 e 66
- Do polígono 77 as parcelas: 1, 26, 531, 664, 717 e 784.
- Do polígono 78 a parcela: 146

E parte das parcelas catastrais :

- Do polígono 78 as parcelas: 43 e 244
- Do polígono 79 a parcelas: 43

Estas parcelas catastrais non son incluídas integramente porque no seu límite sur o MVMC de Herville linda coa ELM de Chenlo que está deslindada e amolloada. E no límite coa comunidade de Mosende, tomase como referencia o marco da ELM ata as fincas catastrais dos particulares seguindo un regato. Este límite con Mosende terá que ser ratificado mediante deslinde, o mesmo que o límite coa comunidade de Zamáns.

3º- Proponse a revisión do esbozo do Monte Veciñal en Man Común de Herville, clasificado a favor dos veciños de Cela, concello de Mos, de acordo á seguinte descrición e os planos en soporte papel e dixital que son parte inseparables deste





informe e considerando que o monte é un couto redondo, e que dita continuidade non se ve interrompida por límites naturais, artificiais nin administrativos (artigo 8.10 da LMG):

“Nombre del monte: Monte Herville

Cabida: 92,62 ha

Os mesmos Límites Xerais da clasificación

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal Herville, na parroquia de Cela (Mos) e de conformidade con previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este **XURADO** por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

APROBAR a proposta de adaptación de esbozo do monte veciñal Herville, da CMVMC de Cela (Mos) , segundo a descrición na consideración xurídica cuarta 2º e 3º e a planimetría que acompaña o mesmo.

O presidente do Xurado de montes veciñais en man común
Antonio Crespo Iglesias
(Sinatura electrónica)






Concello de Vigo

Concello de Mos

926.176 m²

Concello do Porriño



Data: Xuño 2017
Escala: 1/6.000

Nº de plano
01

REVISIÓN ESBOZO

Monte Herbille "CMVMC de Cela"
Concello de Mos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DE PONTEVEDRA

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EDICTO do 26 de setembro de 2017, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo da revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal de Erville, da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cela, no concello de Mos.

Para os efectos previstos na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño de montes de Galicia, dáse publicidade ao Acordo do 10 de xullo de 2017, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, ao respecto da revisión do esbozo e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal de Erville, da CMVMC de Cela no concello de Mos (Pontevedra).

Feitos:

Primeiro. O 25 de novembro de 1981 o Xurado de Montes Veciñais en Man Común (en diante XMVMC) de Pontevedra emite unha resolución de clasificación do monte de Erville, na parroquia de Cela, a favor dos veciños da dita parroquia:

«Que debe clasificar e clasifica como monte veciñal en man común o monte denominado montes de Cela-monte de Erville, tal e como se describe no último considerando desta resolución, como de propiedade dos veciños da parroquia de Cela, do termo municipal de Mos, por reunir os requisitos exixidos polo artigo primeiro da Lei e segundo do Regulamento de montes veciñais en man común».

O último considerando da resolución de clasificación establece:

- Nome do monte: Erville.
- Cabida: 121 ha.
- Estremas: norte, predios particulares; leste e sur, termo municipal do Porriño; oeste, termo municipal de Vigo.



Segundo a información que consta no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común (en diante RMVMC) de Pontevedra, a resolución de clasificación adquiriu firmeza ao non ser impugnada en vía administrativa.

Segundo. O estudo previo de clasificación do monte de Erville establece no seu punto 3.5:

«A estrema deste monte da parroquia de Cela con predios particulares non pode ser moi precisa se se ten en conta que algúns destes ocupan antigos terreos do monte comunal; en consecuencia, chegouse coas estremas do monte ata onde hai seguridade ou dúbida razoable de que pode pertencer a el.

No caso de que este monte sexa clasificado como monte veciñal en man común, tal vez sexa necesario un deslindamento parcial en tal condición de estremeiro con particulares, seguindo os mesmos criterios que na clasificación».

Neste estudo previo consta o esbozo do monte de Erville a escala 1:25.000 que finalmente se clasificou a favor dos veciños da parroquia de Cela.

Terceiro. Segundo os datos do Rexistro de MVMC de Pontevedra, na actualidade o monte de Erville non se atopa deslindado, polo que a cartografía orientativa para a descrición do dito monte é o esbozo que existe no estudo previo de clasificación. Non constan resolucións xudiciais nin actos de disposición nin posúe proxecto de ordenación inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia.

Cuarto. O 27 de marzo de 2013 a CMVMC de Cela solicita a revisión da superficie clasificada, con modificación da estrema e da superficie con base no plano presentado co presente escrito.

Quinto. O 7 de febreiro de 2014 a Sección de Topografía informa de que a CMVMC de Erville xa marcou o que eles consideran o seu monte veciñal, incumprindo o punto 4 da disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Despois realizaron un levantamento topográfico e montárono sobre unha ortofoto e unha cartografía vectorial.

Estes traballos cartográficos pódense considerar como correctos dentro da calidade exigible nesta disposición, así como da interpretación da mesma lei achegada polo secretario xeral técnico do 25 de marzo de 2013.



Esta comunidade ten clasificadas 121 ha e nesta revisión que solicitan presentan 89,27 ha.

Xa no punto 3.5 do estudo previo á clasificación como veciñal se recomendaba un deslindamento coas propiedades particulares.

Achégase con este informe a montaxe do levantamento proposto sobre o esbozo do estudo previo e mais a superposición cos datos catastrais.

Sexto. O 19 de febreiro de 2014, o presidente do Xurado Provincial de MVMC de Pontevedra solicita ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión e elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal clasificado a favor da CMVMC de Cela (Mos), coa finalidade de dar cumprimento ao establecido na disposición transitoria décimo terceira da Lei de montes de Galicia e segundo o acordado na sesión do 18 de febreiro de 2014.

Consideracións legais e técnicas:

Primeira. A Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, na súa disposición transitoria décimo terceira, establece o procedemento de revisión de esbozos de montes veciñais en man común.

A Dirección Xeral de Ordenación Forestal estableceu que a disposición transitoria décimo terceira se aplique de xeito preferente cando o monte veciñal sexa estremeiro con propiedades particulares. Así mesmo, cando exista condición de estremeiro entre montes veciñais en man común, aplicarase o establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

Segunda. O punto 10 do artigo 8 da citada lei recolle o couto redondo: «superficie forestal continua, entendendo que a dita continuidade non se verá interrompida por límites naturais (ríos, lagos, encoros, etc.), artificiais (vías de comunicación), nin administrativos (concellos, provincias, etc.)».

Terceira. O artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 13/1989 (DOG nº 186, do 23 de setembro) establece:

«A resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común deberá conter os requisitos necesarios para a súa inmatriculación no Rexistro da Propiedade, de conformidade co disposto na Lei hipotecaria e no seu regulamento, e virá acompañado



de planimetría suficiente que permita a identificación do monte. A citada resolución, unha vez firme, producirá os seguintes efectos:

- Atribuír propiedade.
- Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade.
- Estará exento dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e será gratuíto...».

Cuarta. A Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria de 1946 (BOE nº 151, do 25 de xuño), prevé a coordinación gráfica das inscricións do Rexistro da Propiedade co Catastro:

«1. A base de representación gráfica dos predios rexistrados será a cartografía catastral, que estará ao dispor dos rexistradores da propiedade.

2. Nos casos de incorporación da representación gráfica xeorreferenciada conforme o disposto na letra b) do artigo 9, deberá achegarse, xunto co título inscristible, certificación catastral descritiva e gráfica do predio, salvo que se trate dun dos supostos regulados no número 3 deste artigo.

O rexistrador incorporará ao folio real a representación gráfica catastral achegada sempre que se corresponda coa descrición literal do predio na forma establecida na letra b) do artigo anterior, facendo constar expresamente no asento que na data correspondente o predio quedou coordinado graficamente co Catastro. Así mesmo, o rexistrador trasladará ao Catastro o código rexistral dos predios que fosen coordinados.

No suposto de que a correspondencia non quedase acreditada, o rexistrador dará traslado desta circunstancia ao Catastro por medios telemáticos, motivando a través dun informe as causas que impidisen a coordinación, para os efectos de que, se for o caso, o Catastro incoe o procedemento oportuno».

Por todo o exposto, o Servizo de Montes, no informe do 12 de xuño de 2017 indica que:

1. A revisión do esbozo do monte de Erville realizarase de todo o monte, aínda que no límite con outras comunidades de montes veciñais será necesario que se deslinde, segundo o establecido no artigo 53 da Lei de montes de Galicia.



- Límite oeste coa comunidade de Zamáns.
- Parte do límite sur, no límite coa comunidade de Mosende.

2. A revisión do esbozo do monte de Erville proposta polo Servizo de Montes modifica a presentada pola comunidade, para cumprir os requisitos establecidos no artigo 30 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 13/1989 e da Lei 13/2015, do 24 de xuño, de reforma da Lei hipotecaria de 1946.

A liña proposta por este servizo respecta as parcelas catastrais de titulares particulares e inclúe só parcelas catastrais a nome da comunidade ou en investigación.

A liña proposta inclúe integramente as seguintes parcelas catastrais:

- Do polígono 76 as parcelas 36, 37, 56 e 66.
- Do polígono 77 as parcelas 1, 26, 531, 664, 717 e 784.
- Do polígono 78 a parcela 146.

E parte das parcelas catastrais:

- Do polígono 78 as parcelas 43 e 244.
- Do polígono 79 a parcela 43.

Estas parcelas catastrais non están incluídas integramente porque na súa estrema sur o monte veciñal en man común de Erville linda coa entidade local menor de Chenlo, que está deslindada e marcada. E na estrema coa comunidade de Mosende tómase como referencia o marco da entidade local menor ata os predios catastrais dos particulares seguindo un regato. Esta estrema con Mosende terá que ser ratificada mediante deslindamento, o mesmo que a estrema coa comunidade de Zamáns.

3. Propónse a revisión do esbozo do MVMC de Erville, clasificado a favor dos veciños de Cela, concello de Mos, de acordo coa seguinte descrición e os planos en soporte papel e dixital que forman parte inseparable deste informe e considerando que o monte é un couto



redondo, e que a dita continuidade non se ve interrompida por estremas naturais, artificiais nin administrativas (artigo 8.10 da Lei de montes de Galicia):

- Nome do monte: Erville.
- Cabida: 92,62 ha.
- Os mesmos límites xerais da clasificación.

Vista a proposta de revisión presentada polo Servizo de Montes sobre a adaptación do esbozo do monte veciñal de Erville, na parroquia de Cela (Mos), e de conformidade co previsto na disposición transitoria décimo terceira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, este xurado provincial, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA:

Aprobar a proposta de adaptación de esbozo do monte veciñal de Erville, da CMVMC de Cela, no concello de Mos (Pontevedra), segundo o descrito nos puntos 2 e 3 da consideración xurídica cuarta, e a planimetría que o acompaña.

Pontevedra, 26 de setembro de 2017

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

